

INSTRUCCIÓN SOBRE A APLICACIÓN DA REDUCIÓN DE XORNADA ACORDADA PARA O ANO 2025.

Por Orde da Consellería de Sanidade do 29 de xuño de 2023 publicouse o Acordo do Consello da Xunta polo que se aprobaron melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (DOG do 30 de xuño), con base no acordo asinado na Mesa sectorial, o 20 de abril de 2023, polos representantes da Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF, UGT e SATSE.

Co Acordo aprobouse a seguinte redución paulatina da xornada ordinaria nos seguintes colectivos:

1º.- Para o persoal con quenda fixa diúrna regulada no Acordo de Concertación Social (ACS) do ano 2001 (DOG do 19 de marzo), ou persoal asimilable nas condicións horarias: unha redución progresiva da xornada ordinaria realizada na quenda de sábado, coa seguinte secuencia: 21 horas de redución no ano 2023, outras 49 horas de redución no ano 2024 e, finalmente, 42 horas máis de redución no ano 2025.

2º.- Para o persoal con horarios especiais e rotación en quendas: unha redución neta sobre a xornada vixente que resultaría da táboa prevista no dito Acordo de concertación social, coa mesma antedita secuencia: 21 horas no ano 2023, 49 horas no ano 2024 e 42 horas no ano 2025. A mesma redución establécese para a xornada ordinaria do persoal con acordos específicos de PAC, médicos de urxencias e persoal residente.

Así tamén contémplanse as actuacións para os colectivos de persoal facultativo de atención hospitalaria (FEA, médico/a de admisión, médico/a de HADO), médico de familia e pediatra de atención primaria, FEAP (na súa xornada ordinaria como médico/a de familia), para os que se mantén durante a vixencia do acordo a obriga de facer as xornadas programadas de sábados.



Para executar esa redución garantindo a atención á cidadanía, procurando un tratamento igualitario entre os diferentes colectivos, pero atendendo ao mesmo tempo aos diferentes supostos de regulación de xornada existentes nas institucións sanitarias, así como á existencia de categorías con dificultades de cobertura por insuficiencia de persoal titulado, ditáronse instrucións deste centro directivo do 29 de xuño de 2023 polas que se concretaron determinadas medidas para a aplicación da redución de xornada correspondente a ese ano e, posteriormente con data 24 de novembro de 2023, ditáronse instrucións para executar a redución de xornada a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Cumpre por tanto ditar instrucións para a execución do acordo a partir do 1 de xaneiro de 2025, sendo necesario dalas a coñecer co tempo suficiente que permita a necesaria planificación dos servizos e unidades, faciliten a execución do acordo, garantindo ao mesmo tempo a prestación de servizos asistenciais. Para isto é necesario que os diferentes centros directivos adapten as carteleiras e calendarios á nova redución de xornada prevista para o ano 2025, tendo en conta a creación de prazas aprobadas para as diferentes categorías, e elaboren os correspondentes plans funcionais e demais ferramentas organizativas coa debida participación dos órganos de representación de persoal.

Con base no que antecede, para o ano 2025 aplicaranse as seguintes medidas:

Primeira.- Persoal incluído no ámbito de aplicación do réxime de xornada do Acordo de Concertación Social do ano 2001 (ACS) e persoal asimilable.

a) Persoal con quenda fixa diúrna ou rotatorio simple: continuarase a reducir a xornada en 42 horas anuais, executando o previsto na Orde 29 de xuño de 2023, completándose así a redución prevista de 112 horas anuais, acadando unha xornada ordinaria para o ano 2025 de 1.533 horas anuais. -

Esta mesma xornada aplicarase ao persoal asimilable ao do ámbito de aplicación do Acordo de Concertación Social en canto as condicións horarias (como é o persoal de enfermaría de Atención Primaria e PSX con quendas de mañá, tarde e deslizantes).



Nos supostos excepcionais nos que non se poida garantir a cobertura na mañá dos sábados aplicaranse os criterios de xestión así como as compensacións económicas previstas nas instrucións de redución de xornada para o ano 2024.

No caso do persoal de enfermaría, de non ser posible a cobertura deses sábados por indispoñibilidade de persoal, aboarase unha compensación equivalente ao prezo hora de atención continuada prevista para o persoal de enfermería en 2024 máis a actualización correspondente a 2025 (155,89€ por cada módulo de 7 horas, ou 22,27€/hora, máis a actualización correspondente ao 2025).

b) Persoal con quendas rotatorias e realización de noites: aplicarase unha redución de 42 horas sobre a xornada do Acordo de Concertación Social do ano 2024, aplicándose a redución sobre as 1.575 horas anuais teóricas e partindo para o ano 2025 de 1.533 horas anuais, sendo a xornada mínima á da quenda nocturna de 1.340 horas anuais que corresponde a 134 noites en módulos de 10 horas.

Deste xeito a táboa de xornada e de asignacións de módulos de 7 horas de mañás e tardes en función do número de noites é a seguinte:

Táboa de xornada efectiva, asignación de módulos de 7 horas de mañá e tardes en función do número de noites. Cálculos baseados na fórmula:

"Xornada a realizar = 1529-3N





Nº NOITES (módulo 10 horas)	Nº MAÑÁS / TARDES (módulo 7 horas)	XORNADA QUE SE DEBE REALIZAR
0	219	1.533
1	217	1.526
2	215	1.523
3	213	1.520
4	211	1.517
5	209	1.514
6	207	1.511
7	205	1.508
8	204	1.505
9	202	1.502
10	200	1.499
11	198	1.496
12	196	1.493
13	194	1.490
14	192	1.487
15	191	1.484
16	189	1.481
17	187	1.478
18	185	1.475
19	183	1.472
20	181	1.469
21	179	1.466
22	178	1.463
23	176	1.460
24	174	1.457
25	172	1.454
26	170	1.451
27	168	1.448
28	166	1.445
29	165	1.442
30	163	1.439
31	161	1.436
32	159	1.433
33	157	1.430
34	155	1.427
35	153	1.424
36	152	1.421
37	150	1.418
38	148	1.415

Documento asinado dixitalmente por:
María del Mar Pousa Cobas (08/11/2024 15:48 CET)
<https://sede.xunta.gal/cve?ldcve=SAOC-93cc4b93-12b5-4847-a36a-3af5f7e03271>





Nº NOITES (módulo 10 horas)	Nº MAÑÁS / TARDES (módulo 7 horas)	XORNADA QUE SE DEBE REALIZAR
39	146	1.412
40	144	1.409
41	142	1.406
42	140	1.403
43	139	1.400
44	137	1.397
45	135	1.394
46	133	1.391
47	131	1.388
48	129	1.385
49	127	1.382
50	126	1.379
51	124	1.376
52	122	1.373
53	120	1.370
54	118	1.367
55	116	1.364
56	114	1.361
57	113	1.358
58	111	1.355
59	109	1.352
60	107	1.349
61	105	1.346
62	103	1.343
63	101	1.340
134	0	1.340





Táboa calculada segundo as seguintes bases:

Ano 2025	Días	Número
365 días	Vacacións	30
	Festivos	14
	Domingos	48
	Sábados	48
	L/D	6
	Total descanso	146
	Días laborais	219
	Xornada anual.	1.533 horas

Determinación de xornada efectiva para persoal con vínculos inferiores ao ano:

- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de duración igual ou inferior aos 31 días: Xornada Teórica = $1533 * D / 329$
- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de natureza eventual superiores aos 31 días que realicen módulos de noite: Noites entre 1 e 63: Xornada teórica = $(1529 * D / 329) - 3 * N$.
- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos temporais cunha proxección de noites superior a 63 noites/ano: Xornada teórica = $1340 * D / 329$.

Nos supostos de persoal temporal con vínculos sucesivos o cómputo de xornada realizarase tendo en conta a totalidade dos nomeamento encadeados sen solución de continuidade en cada centro de traballo.





Segunda.- Persoal médico de urxencias hospitalarias e persoal médico e enfermeiro dos Puntos de Atención Continuada.

Sen prexuízo das peculiaridades derivadas do seu réxime de xornada, o Acordo aplicarase da forma seguinte:

- Persoal que traballe en postos de quenda fixa diúrna: 1.533 horas.
- Persoal co réxime ordinario de traballo destes colectivos, con sucesión de quendas e prestación en horario de noite: 1.340 horas anuais (122 mensuais, a partir das cales iníciase o cómputo e pago da xornada complementaria).

Nota: Ao dividir 1340/11 resultarían 121,8 horas. Redondéase en 122 horas o inicio do cómputo, sen prexuízo do axuste anual que proceda realizar.

Terceira.- Persoal facultativo de atención hospitalaria (FEA, médico/a de admisión, médico/a de HADO).

A xornada ordinaria para o persoal facultativo de atención hospitalaria para o ano 2025 será de 1.533 horas anuais.

Cando por necesidades asistenciais e de xeito excepcional para garantir a adecuada atención sanitaria permanente, os/as facultativos que regularmente e de xeito programado viñan facendo sábados de presenza física en quenda de mañá, teñan que realizar unha quenda de mañá en sábado se lles compensará a prezo de hora de garda de presenza física.



Cuarta .- Médico de familia e pediatra de atención primaria, FEAP (na súa xornada ordinaria como médico/a de familia).

A nova xornada ordinaria será de 1.533 horas anuais.

Dado que a redución de xornada para os anos 2023 e 2024 realizouse con cargo ás quendas de sábados de mañá , e que ao mesmo tempo débese de manter a prestación de servizos en sábados naqueles centros que os tiñas asignados e nos servizos de cabeceiras, este rexime de prestación deberá de ser obxecto de tratamento específico nos instrumentos organizativos dos servizos, como os plans funcionais, coa participación do persoal afectado e dando conta ás xuntas de persoal ou comisións de centro.

En todo caso, a prestación excepcional que tiveran que realizar os profesionais en quenda de sábado de mañá implicará unha compensación económica a prezo de hora de garda física.

Quinta.- Persoal residente en formación (MIR, EIR...).

A nova xornada ordinaria para o ano 2025 será de 1.533 horas anuais.

Dado que a redución de xornada dos anos 2023 e 2024 realizouse con cargo ás quendas de sábado de mañá, o réxime de prestación de servizos en sábado do persoal residente de nivel licenciado (MIR, FIR...), cando a veña realizando, será tamén tratado nos instrumentos organizativos dos correspondentes servizos (como os plans funcionais) e coa súa participación.

A programación da actividade do persoal residente en formación realizarase en todo caso dentro do respecto á normativa específica reguladora da súa relación laboral de residencia





Sexta.- Participación dos órganos de representación do persoal.

A planificación e o desenvolvemento das medidas para aplicar a xornada do ano -2025 será obxecto de tratamento cos órganos de representación do persoal (xuntas de persoal/ comisións de centro).

